



## **1. INFORMACIÓN DA ENTIDADE QUE PRESENTA A PROPOSTA**

Acción Familiar é unha organización non governamental de ámbito nacional, creada en 1978 en Madrid. Acción Familiar Ferrol (en adiante AFA Ferrol) foi fundada no ano 2000, co obxectivo de promover a valoración e axuda á familia a través da acción social directa. Dende ese momento, AFA Ferrol vén desenvolvendo diversas actividades en beneficio de múltiples colectivos.

Esta entidade leva a cabo o proxecto de voluntariado "**Intégra-T**", dende hai nove anos, en colaboración co Concello de Ferrol, de atención psicopedagóxica para nenos, nenas e adolescentes en desvantaxe sociocultural e perigo de exclusión social. Ademais, a Asociación leva a cabo, con persoal voluntario, dous programas de acompañamento a persoas maiores institucionalizadas

Parécenos relevante resaltar a experiencia que ten a Asociación no desenvolvemento, dende hai máis de sete anos, de accións formativas en prol da igualdade: formación en Habilidades Sociais e Autoestima (Programa "**Muller, nai e contorno social**"), impartido na Comarca de Ferrolterra a mulleres en risco de exclusión social; o programa "**Nais na adolescencia**", que en colaboración co Concello de Ferrol, no ano 2012 tiña como obxectivo proporcionar ás nais máis novas ferramentas de coidado dos seus fillos e fillas.

No ano 2011, AFA Ferrol e o Concello de Ferrol, iniciaron unha experiencia piloto ("**Respirando**") que recibiu unha acollida moi favorable por parte tanto das nais, dos nenos e nenas como do persoal voluntario participante. No pasado ano retomouse unha segunda edición deste proxecto ("**Respirando II**") que recibiu 77 solicitudes, das cales 40 familias foron aceptadas e foron atendidos 56 menores.

## **2. DATOS DO PROXECTO**

**TÍTULO: “TEMPO PARA AVANZAR”**

### **FUNDAMENTACIÓN**

Uns dos problemas fundamentais que teñen que afrontar as mulleres responsables de familias monoparentais é a dificultade para compatibilizar a maternidade coa formación ou o emprego.

Actualmente, mediante o traballo en rede có Área de Benestar Social do Concello, e en especial coa Concellería de Igualdade, a Asociación AFA Ferrrol decatouse da existencia dun problema: “A falta de conciliación familiar e laboral das mulleres con familias monoparentais e baixos recursos económicos, que por ter que coidar aos seus fillos e fillas menores, teñen dificultades para poder desenvolver unha xornada laboral ou formarse. Estas mulleres atópanse nunha situación de maior desvantaxe respecto da inserción laboral e social”. Por este motivo, dende Acción Familiar Ferrrol deseñouse o proxecto “Tempo para avanzar” que pretende crear un Espazo de Apoio á Conciliación das Mulleres Traballadoras e Estudantes con Familias Monoparentais e baixos recursos económicos, onde os seus fillos e fillas poidan recibir un apoio psicoeducativo, mentres elas realizan algunha actividade laboral ou formativa.

Por outra banda, existe unha deficiencia na formación práctica que reforce os coñecementos adquiridos a través das clases teóricas do alumnado dos Ciclos Formativos de Educación Infantil así como dos Graos relacionados. Este feito ten como consecuencia unha falta de experiencia profesional, o cal repercute negativamente nas posibilidades de inserción laboral.

## **LOCALIZACIÓN**

O servizo de coidado de menores desenvólvense na Ludoteca Municipal do Concello de Ferrrol. As entrevistas de selección das nais e do persoal voluntario realízanse na sede de Acción Familiar Ferrrol, sita na Casa Solidaria (Ferrrol).

## **DESTINARIOS/AS**

- ✓ Mulleres de familias monoparentais con cargas familiares non compartidas e baixos recursos económicos, empadroadas no Concello de Ferrrol, que estean involucradas en procesos de formación ou actividades laborais.
- ✓ Alumnado ou ex-alumnado da comarca de Ferrrol (pertencentes a Ciclos Formativos e Graos relacionados coa Educación Infantil )

## **OBXECTIVO XERAL**

- Crear un Espazo de Apoio á Conciliación das Mulleres Traballadoras e Estudantes con Familias Monoparentais, para que estas poidan desenvolver actividades laborais ou de

formación regulada, mediante a creación dun espazo de apoio psico-educativo para os seus fillos e fillas.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Contribuír a crear tempos libres de cargas familiares para que as mulleres poidan formarse ou traballar.
- Aumentar o número de mulleres con familias monoparentais que acoden a espazos de formación regulada ou participación laboral.
- Favorecer a igualdade entre mulleres e homes a través da prevención de situacións de discriminación e/o fenómenos de exclusión social das familias monoparentais con cargas familiares non compartidas, encabezadas por mulleres, e que están en posición de desvantaxe socioeconómicas, por falta de oportunidades de formación e/ou participación laboral.
- Mellorar o rendemento académico dos/as menores mediante o apoio educativo.
- Fortalecer os coñecementos prácticos de alumnado e/ ou ex-alumnado de Ciclos Formativos e Graos relacionados coa Educación Infantil que participe como persoal voluntario na atención dos/as menores.

### ORGANIGRAMA E ACTIVIDADES DO PERSOAL DO PROXECTO



A **Coordinadora Xeral de AFA (psicóloga)** ten asignadas ao programa 2 horas diarias en horario de mañá e dúas tardes á semana de asistencia á Ludoteca; as actividades a desenvolver no proxecto serán:

1. Coordinación das actividades do proxecto
2. Realización da valoración psicolóxica das persoas voluntarias do proxecto

3. Desenvolvemento do seguimento psicopedagóxico dos nenos e nenas
4. Realización do seguimento e avaliación das actividades do proxecto

Contamos cunha **Xestora administrativa** durante 2 horas ao día, cuxas actividades asignadas son:

1. Xestión da documentación necesaria para garantir a eficacia do funcionamento do proxecto
2. Difusión do proxecto
3. Xestión e valoración das persoas voluntarias do proxecto
4. Valoración e participación das usuarias no proxecto

A **Coordinadora Pedagóxica** está contratada por 4 horas, as tardes de luns a venres e leva a cabo as seguintes actividades:

1. Coordinación e planificación das actividades a realizar (reforzo educativo, manualidades, xogo simbólico, reciclaxe, expresión artística, psicomotricidade, etc)
2. Asignación das tarefas a desenvolver polo persoal voluntario
3. Selección e xestión dos materiais pedagóxicos, lúdicos e funxibles do proxecto
4. Recepción e rexistro das nais e fillos/as no momento da entrega e recollida dos/as menores
5. Control da asistencia das familias
6. Procura do adecuado mantemento das instalacións e organización dos espazos para a adecuada realización da actividade.

O **persoal voluntario**: crearase unha bolsa de 25 voluntarios/as que participarán directamente cos menores, cun ratio de un voluntario/a por cada catro menores. As funcións que realizan son de apoio á coordinadora pedagóxica no coidado dos nenos e nenas: reforzo escolar, psicomotricidade, expresión artística,...

## **METODOLOXÍA**

O Servizo de Coidado de Menores atenderá de forma colectiva aos fillas/os ao cargo das nais usuarias do servizo. Levarase a cabo en horario de tarde, cun máximo de 4 horas ao día, nun espazo habilitado para a realización de actividades infantís e xuvenís, mentres as mulleres

baixo cuxa garda se atopan os/as menores participan nunha actividade formativa ou laboral. As nais e as persoas voluntarias serán entrevistadas e seleccionadas a partir dos protocolos deseñados a tal efecto.

## RECURSOS

### Humanos:

- 1 Responsable do proxecto (persoal de Acción Familiar Ferrol)
- 1 Coordinador/a Pedagóxico/a persoal contratado dende Acción Familiar Ferrol.
- 1 Xestor/a administrativo/a persoal contratado dende Acción Familiar
- 1 Responsable da Concellería de Igualdade do Concello de Ferrol)
- 25 persoas voluntarias (procedentes de Ciclos Formativos ou Graos relacionados coa Educación Infantil)

### Materiais:

- Local base do proxecto (Sede Acción Familiar Ferrol)
- Local para O Servizo de Coidado de Menores (Ludoteca Municipal)
- Teléfono, ordenador e impresora.
- Material funxible, pedagóxico e lúdico
- Equipamento materno-infantil: cambiador, cadeira de bebés, alfombra infantil,...
- Publicidade.

## TEMPORALIZACIÓN E CRONOGRAMA

As actividades lévanse a cabo dende o 27 de marzo ata o 31 de decembro de 2013.

Actividade/Mes	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Servizo de Coidado a Menores										
Difusión										
Elaboración de documentación										
Selección de usuarias										
Selección de voluntariado										
Avaliación	Inicial									
	Continua									
	Final									

## **AVALIACIÓN**

### **Avaliación Inicial:**

- Número de solicitudes das posibles usuarias e persoal voluntario do Servizo.
- Rexistro do número de usuarias e persoal voluntario seleccionado.

### **Avaliación de seguimento:**

#### **Cuantitativa:**

- Rexistro do número de usuarias seleccionadas con respecto ao número de solicitudes por parte das posibles usuarias.
- Rexistro do número do persoal voluntario seleccionado con respecto ao número de solicitudes por parte do posible persoal voluntario.
- Rexistro do número de servizos realizados en relación ás demandas rexistradas.

#### **Cualitativa:**

- Grao de satisfacción das usuarias cós servizos recibidos.
- Grao de satisfacción das persoas voluntarias nos servizos realizados.
- Grao de satisfacción dos centros de educación, Departamento de Servizos Sociais e Casa de Información á Muller en relación ao funcionamento do programa.

### **Avaliación final:**

#### **Cuantitativa:**

- Número total de servizos prestados.
- Número de solicitudes por parte das posibles usuarias en relación ao número de usuarias seleccionadas.
- Número de solicitudes por parte do posible persoal voluntario en relación ao número de persoas voluntarias seleccionadas.
- Número de servizos realizados en relación ás demandas rexistradas.

#### **Cualitativa:**

- Grao de satisfacción xeral das usuarias e persoal voluntario cós servizos realizados.
- Número de usuarias que reflicten unha mellora na súa conciliación de vida familiar e laboral debido á utilización do Servizo.
- Número de persoas voluntarias que reflicten unha mellora nos seus coñecementos prácticos tras a participación no proxecto.

